

4º CICLO DE CINEMA GALEGO-PORTUGUÊS

MULHERES
PATRIMÓNIOS
SOCIEDADE

● ● ● EXTENSÃO NO BRASIL ● ● ●



Ciclo de Cinema Galego-Portugués. 4ª edición
Mulleres, Patrimonios, Sociedade
Extensão em Salvador da Bahia (Brasil)

· Coordinación

_Rebeca Blanco-Rotea (Consello da Cultura Galega, UMinho)
_Marcos Bau Carvalho (UFBA)
_José Gabriel Andrade (UMinho)
_Giovandro Ferreira (UFBA)
_Adriano Sampaio (UFBA)

· Equipo de traballo

_Sara Traba (Directora de cine)
_Noemí Basanta (Instituto da Fonsagrada)
_Encarna Otero (Comisión Imaxes e Voces do CCG)
_Ana Estévez (Museo do Pobo Galego, Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG)
_Alexandra Esteves (UMinho)
_Fernanda Magalhães (UMinho)
_Carlos Pazos (Centro de Estudos Galegos, UMinho)

· Lugar e data

29 de novembro // 18:00h (BR)
Local: Auditorio da FACOM Universidade Federal da Bahia (UFBA)
Salvador da Bahia, Brasil

· Sinopse

O ciclo de cinema “Mulleres, Patrimonios, Sociedade” organizou este ano súa cuarta edición, realizada en Verín (Ourense, Galicia, España) entre o 27 e o 29 de outubro (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=201339>). Este ciclo ten como obxectivo promover o intercambio cultural entre Galicia e o norte de Portugal. Desenvólvese arredor de tres fíos interrelacionados que se refiren a temas transversais e, por tanto, que buscan unha ampla difusión da actividade, que se relaciona con distintos aspectos de grande actualidade e de preocupación social: a situación social da muller; as sociedades actuais, principalmente rurais; o seu empoderamento e súa relación co patrimonio e o papel que as mulleres xogan nesa relación. Cada ano concentrámonos nun tema específico; neste ano 2022 será a morte e a dor, desde o punto de vista patrimonial, e analizaremos o papel da muller nel. O ciclo desenvólvese ao longo de tres xornadas e cada ano é realizado nun local distinto, alternando entre Galicia (España) e o norte de Portugal.

Este ciclo é unha actividade promovida polo Consello da Cultura Galega, un órgano estatutario do Goberno autonómico de Galicia (España) e consultivo de alto nivel responsable de velar pola cultura galega, incluída a súa difusión e internacionalización. No ciclo participan as seguintes institucións: o Consello da Cultura Galega, a Universidade do Minho (UMinho), o Centro de Estudos Galegos, o Camões - Instituto da Cooperaçã o e da Língua e o Museo do Pobo Galego a través da Mostra Internacional de Cine Etnográfico.

Este ano realizamos unha pequena extensión en Brasil, en colaboración coa Universidade Federal da Bahia, coa cal pretendemos ampliar esta actividade aos países de lingua portuguesa e promover o intercambio cultural e lingüístico dunha forma máis ampla. A extensión do ciclo terá lugar o día 29 de novembro en Salvador da Bahia, coa proxección do filme galego *Nación* de Margarita Ledo e as curtas brasileiras *Mãe Solo* de Camila de Moraes e *Irun Ori* de Juh Almeida, e a continuación cun debate entre representantes UFBA, da UMinho, e do Consello da Cultura Galega e as directoras brasileiras.

· Programa

_19:00h: Presentación do ciclo de cinema

_19:15h: Exhibición do filme galego *Nación* de Margarita Ledo (2020)

_20:45h: Exhibición das curtas brasileiras:

Mãe solo de Camila de Moraes (2021)

Irun ori de Juh Almeida (2020)

_21:30h: Debate conducido por Rebeca Blanco-Rotea, José Gabriel Andrade (UMinho) e Marcos Bau Carvalho (UFBA) coa participación de Camila de Moraes e Juh Almeida

Exhibición dunha entrevista a Margarita Ledo sobre o filme *Nación* e algunhas cuestións para o debate



Ciclo de Cinema Galego-Portugués. 4ª edición
Mulleres, Patrimonios, Sociedade
Extensão em Salvador da Bahia (Brasil)